

## Seres míticos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A cadea de ouro da Virxe de Lobios*

Xa hai moito disto. Unha moza de Lobios, Sober (Lugo), rouboulle un cáliz de ouro a unha moura que o tiña a asollar, seguramente no Alto da Mota.

A moura transformouse en serpe e botou tras da rapaza. A pobre nena, co medo, mexou por riba dela e deixou as pegadas dos ouriños sobre uns penedos en Vilaronte.

A moura case a pilla. Menos mal que a pícara ao pasar por diante da capela dedica á Raíña dos Anxos, tirou o cáliz para dentro do edificio e berrou:

□ ¡Que a Raíña dos Anxos me valla!

Ao que respondeu a moura:

□ ¡A boa madriña te encomendaches!

Nese preciso momento, a serpe retomou a figura de moura e desapareceu.

O cáliz seica estivo na igrexa, coñeciase que o era porque se lle vía o bocho do toupetazo que dera contra o chan cando a nena o tirara dentro da igrexa. Ese cáliz parece que o vendeu o crego e que o substituiu por unha imitación que non enganou ós veciños.

Desta lenda hai variantes que, en vez dun cáliz, falan dunha cadea de ouro, e en vez de ser unha nena a protagonista, puidera ser un home. E mesmo non hai acordo en se a moura se transformou ou non en serpe.

Tamén se di que as vacas que pasan por enriba da laxa onde mexou a moza vense forzadas a mexar alí tamén.

## BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

VV.AA., Sober. Lugo, Servicio de publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1998.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Dicionario dos seres míticos galegos [Roubos ós mouros], Xerais, Vigo, 1999.